

A PERCEPCIÓN DA MIMOSA

A cuarta convocatoria do premio Espiral Maior de poesía para autores menores de 35 anos sen obra publicada depáranos a sorpresa de non ser un senón dous os poemarios galardoados. Mentres o premio se vai consolidando a cada convocatoria como un dos máis rigorosos no panorama literario galego e cando xa temos unha nova gañadora (Emma Couceiro) chegan ás librerías o volume gañador, *Sombra acesa*¹ de Cristina Cabada, e o accésit, *A estatua*² de Anxos Romeo, do ano 1996.

Cristina Cabada crea unha atmósfera transparente, nova e cristalina propia da primeira hora, dun ser que se espreguiza e observa o espertar da vida ó seu arredor. Un leve arrecendo a primavera impregna as páxinas do libro mentres a dor de medrar se espalla por un universo dondamente feliz que acolle as primeiras luces:

é a dor que nace co día
a dor que leva o día no seu seo
as folliñas tenras da dor branca
as raíces transparentes da dor
guiando a primeira luz ata o fondo dos vales

Neste ámbito harmónico, o eu poético expresa un desexo de comunión profunda -"quen fose planta/ esvelta, viva e calada// quen fose o aire pousado nas follas suaves/ ou ben as follas termando do aire docísimo, transparente"- mentres vai percorrendo, cunha palabra que se torna vexetal, acuática, aérea..., o cosmos. Lentamente, conforme transcorre o día poético, a expresión vaise facendo máis recollida, os poemas adénsanse como unha natureza cansa de sol que aletarga sobre si mesma. O recordo, o paso do tempo, as dúbidas chegan ó verso cando este descifra os mapas da lembranza:

(doutro xeito se descifra a trama da lembranza:

nunha travesía por prazas resoantes

detendo o percorrido enlouquecido na varanda das pontes

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1996, IV Premio Espiral Maior

² Espiral Maior, A Coruña, 1996

fixando a visión de noitebras afogadas no río

frecuentando templos esculpidos nas nocturnas feridas

respirando o efluvio letal de cada imaxe)

A introspección dun ser que se despraza por veredas e foulas remata coa consciencia da perdurabilidade do mundo, oposta á súa propia efemeridade existencial. Pois "cando aínda non soñabas o contorno lanceolado da folla/ a planta xa existía" igual que a palabra prevalece e preexiste ó ser que a utiliza. Eis o misterio da sombra acesa que é vida e enigma aínda sen desvelar, ese segredo que "vira o trazado do espacio/ torna a sustancia da auga/ lambe/ manipula/ quebra / a alma pura da louza". A clave que descifra o enigma é a vivencia plenamente satisfactoria da natureza, dun mundo vexetal que envolve ó eu poético nun novelo de frescura e verdor. Mentres o vento leva inscrita a melodía da herba, código acuático que contén o pentagrama vital:

foi gravada na auga das fontes

a melodía da herba

deitaban as fontes fío de seda

que as ondas do aire tecían no ouvido

foron logo construídas as pontes

que cruzan a trémula fibra do tímpano

por onde a cántiga esvaraba e discorría

onde o silencio ficaba detido

estancado

Fronte á sombra acesa de Cristina Cabada, a estatua que se configura en protagonista dos versos de Anxos Romeo é un ser escuro, estático, alleo ó entorno. A palabra vólvese violenta, estraña para deseñar un mundo apocalíptico, medoñento, ameazante onde nin ela mesma -a palabra- é quen de expresar a totalidade da ameaza pois:

Non hai necesidade alí non hai nada
non se recibe nada,
pérdese soamente a lonxana ocupación
do vento e as linternas xemido,
voces
pra o que escoita
ou o que non escoita

Surreal e caótico, fondamente triste e doloroso na súa ferida é o mundo neste poemario que recolle a indefinición da vida humana canto á súa función. Así o eu só sabe "Ter /envoltos na tolemia/ o corazón e a alma e/ miraxes de tristeza/ de lona nos ollos / un mesmo/ fala de mausoleos/ de cumes e marés pero/ fugaces os brazos atoutiñan/ o túnel/ sen preguntas/ a resposta tenaz das estrelas". Como a estatua présa no mármore, o eu poético séntese abafado polo peso de tanta miseria e exclama:

Non coñezo unha terra sen prisións
sen cultivos de xuízos agres
búscoa e comeza sempre onde
a miña persecución termina tal vez
por estar feitos de confusión
de reinos caídos sen nunca un novo intento
unha dependencia clara da esperanza

O desexo de permanencia vese fanado constantemente polas ameazas do que o rodea e o eu poético láíase de tanta ruína. Convertido el mesmo nun anaco inerte de materia verá pasar a vida sen sentila nin poder expresala. Pero segue a percibir como

a vida agora enxordece
e algún día ollarei en ti dende o musgo
que fermosas dentadas fará
no leito do corpo meu

Plenitude e caos, sombra acesa e luz derrotada, versos límpidos fronte a palabra desbocada conforman os dous poemarios diverxentes e contrapostos cos que Cristina Cabada e Anxos Romeo se achegan ó noso panorama literario. Ou como facer da mimosa un camiño cara a vida ou cara a morte.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 774, 17-4-1997, p. 24.